

## **Obxecto do concurso**

Plasmar a feira Corazón de Artesanía 2023 nun debuxo que reflicta o seu espírito e o traballo dos artesáns que aquí se dan cita así como o escenario no que se desenvolve e o público que asiste á mesma. Se traballará cunha única imaxe que a través dun pequeno símbolo, dunha panorámica, dun recuncho... mostre a idea que aquí propoñemos.

## **Requisitos**

Poderá participar calquera persoa maior de idade inscrita no obradoiro de debuxo de Santi Sallés, que se enmarca dentro das actividades da feira. Cada participante terá que presentar ao concurso unha única ilustración, inédita e non publicada anteriormente en redes sociais, que se axuste á temática. As ilustracións realizaranse en papel exento (non cadernos), e poderán realizarse a cor ou en branco e negro, e con técnica libre. Todas as ilustracións serán revisadas e validadas pola organización, que se reserva o dereito a non admitir as que non cumpran, segundo o seu criterio, os requisitos técnicos, artísticos e/ou legais esixidos polo certame.

## **Inscripción e participación**

Todas as persoas inscritas no obradoiro de debuxo están por defecto apuntadas ao premio, as que queiran participar so terán que presentar a súa obra o domingo 9 de xullo as 13:30 horas.

**Ditame** O ditame farase público o domingo 9 de xullo as 14:00 horas.

## **Dereitos sobre as ilustracións a concurso**

A persoa participante manifesta e garante que é o único autor/a da ilustración que presenta e titular de todos os dereitos sobre ela. Tamén será responsable legal de calquera problema que puidese xurdir por incumprimento da lei con respecto aos dereitos de autor/a.

Co fin de poder levar a cabo cantas accións de promoción e difusión do concurso considere necesarias a organización, todas as persoas participantes cederán con carácter gratuíto os dereitos de reprodución e comunicación pública dos traballos presentados a concurso.

## **Xurado**

O xurado estará formado por unha persoa da organización con ampla experiencia no mundo editorial e da ilustración e o propio ilustrador Santi Sallés

A súa decisión será inapelable, mesmo no caso de que o premio se declare deserto

## **Premios**

Outorgarase un único premio, que consistirá nunha dotación económica de 350 € achegados por Artesanía de Galicia. En conformidade coa vixente lei española, o premio obxecto deste concurso estará suxeito á retención do IRPF, que será asumida pola persoa gañadora. O pagamento realizarase contra factura ou documento fiscalmente recoñecido, que emitirá a persoa gañadora.

A ilustración premiada será propiedade e de uso exclusivo de Artesanía de Galicia, que poderá utilizala dentro das promocións presentes e futuras da feira Corazón de Artesanía.

## **Protección de datos de carácter persoal**

De acordo coa Lei Orgánica 15/99, informamos de que todos os datos recollidos polo concurso de ilustración Premio Corazón de Artesanía serán utilizados, exclusivamente, co fin de xestionar correctamente a participación e cumprir co establecido nas presentes bases. O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición levarase a cabo conforme a normativa vixente.

## **Aceptación das bases**

As persoas participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan todas e cada unha das súas bases.